

A CIG chama a intensificar a mobilización para frear a nova reforma das pensións que suporá unha baixada de até o 8% na súa contía media

No ensino público, despois de que se declarara a extinguir o réxime de clases pasivas en 2010 e de que o novo funcionariado de carreira e o persoal interino se xubilarán os 67 anos como norma xeral, esta reforma, coa que se pretende incrementar o período de cálculo de cotizacións até os 30 anos en lugar dos 25 actuais suporá para o colectivo docente traballar máis, cobrar pensións máis baixas e retrasar a incorporación de novo persoal.



Delegadas e delegados da CIG, xunto co colectivo de persoas pensionistas da central nacionalista, mobilizáronse este mércores nas sete cidades, así como en Vilagarcía, Ribeira e Lalín en rexeitamento á reforma das pensións que proxecta o goberno español. As concentracións insírense na campaña lanzada no mes de decembro pola CIG ante unha modificación do sistema público que ameaza con ampliar até os 30 anos o período para o cálculo das contías, o que **suporá traballar máis tempo para cobrar menos e prexudicará sobre todo ás mulleres** que son as que teñen contratos máis precarios, reducións de xornada, excedencias e interrupcións na súa vida laboral.

A pensión media galega, nos 980€

Nas protestas do 1 de febreiro, e nas asembleas celebradas previamente para abordar tamén a

a resposta fronte a carestía da vida e o empobrecemento da clase traballadora, advertiuse que a nova reforma das pensións, de aprobarse nos termos anunciados, **suporía unha caída das contías futuras de entre o 6% e o 8%**, como o propio Banco de España recoñece.

O secretario xeral da CIG, **Paulo Carril**, explicou na concentración realizada diante do INSS de Ferrol, que **a pensión media en Galiza é de 930€ mensuais, 70€ por debaixo do SMI, mentres que a pensión media no Estado español está nos 1.089€**. Por iso, avanzou que aprobar a reforma que planea o Goberno de PSOE-UP significaría aumentar a caída progresiva das pensións, *"que xa suma un 25% desde a modificación que se impuxo en 2011, cando se ampliou a idade da xubilación de 65 a 67 anos e se aumentou o período de cálculo dos 15 aos 25 anos"*.

Carril chamou a atención sobre o feito de que **a poboación con máis de 65 anos acada de media 29,6 anos cotizados** -moi lonxe dos 37 anos e 6 meses necesarios para acceder ao 100% da base reguladora-, e que **a idade media de xubilación está nos 64,71 anos**, que con esta nova normativa non fará máis que incrementarse. *"Todas as reformas aprobadas nos últimos anos foron para dificultar o acceso e recortar as contías das pensións públicas. Baixo a ameaza dunha suposta quebra do sistema, o que se busca é transferir a capacidade de aforro da clase traballadora aos fondos privados"*, alertou.

Para Carril, o grave desta reforma é que ten lugar nun contexto marcado pola elevada carestía da vida, o empobrecemento xeneralizado dos salarios, o secuestro da negociación colectiva pola patronal e os chamamentos a un 'pacto de rendas' que ten como obxectivo *"impor a moderación salarial, imposibilitando calquera recuperación do poder adquisitivo dos salarios"*.

As traballadoras, as máis prexudicadas

Pero o impacto de ampliar o período de cálculo será maior para as traballadoras por canto teñen carreiras de cotización inferiores, xa que seguen a ser as que de xeito maioritario solicitan reducións de xornada por coidado ou mesmo abandonan o seu traballo para asumir estas tarefas, sofren maiores taxa de temporalidade e unhas taxas de contratación parcial alarmantes.

"Esta maior precariedade nas condicións laborais e, polo tanto, nos salarios, ten o seu reflexo na hora da xubilación", apuntou o secretario xeral da CIG. **En Galiza a fenda das pensións está no 34%, "é dicir a pensión media dunha galega é 375,6 euros menor que a pensión media dun galego"**.



Un novo roubo á clase traballadora

Esta reforma, xunto ás anteriores que atrasan a idade de xubilación, son un atranco para a xeración de emprego. Nese sentido, a CIG considera que aprobar máis modificacións que endurecen as condicións para a xubilación obriga a prolongar a vida laboral e contribúe a unha maior emigración e máis paro xuvenil. *"Por moito que se disfrace, esta reforma é un novo roubo ás clases populares"*, criticou Carril, lembrando que a CIG leva anos denunciando todas estas reformas e dándolle cumprida resposta, *"como fixemos coa convocatoria de folga xeral en xaneiro de 2011. A Seguridade Social é unha conquista histórica da clase traballadora e a defensa do sistema público de pensións, un dereito irrenunciábel"*.



No Ensino esta reforma impedirá a incorporación de novo persoal docente

Nas asembleas e mobilizacións do 1 de febreiro tiveron unha importante participación as delegadas de Ensino que alertaron de que esta nova reforma afecta a todo o colectivo en activo pero tamén a quen pretende entrar a traballar no sistema público. Neste sentido, lembraron que despois de que a partir de 2011 todo o novo funcionariado de carreira pertenza ao Réxime Xeral da Seguridade Social, coa extinción do Réxime de Clases Pasivas, que contou no seu día coa férrea oposición da CIG-Ensino fronte ao goberno do PSOE, a idade de xubilación como norma xeral pasa a ser 67 anos, agás que se teñan 38 e medio cotizados, algo cada vez máis improbable.

Esta medida, que tamén afecta ao persoal interino, xunto co incremento que pretende aprobar agora o goberno de aumentar o período para o cómputo da contía da xubilación até os 30 anos, en lugar dos 25 actuais, suporá na práctica que o persoal docente teña que traballar máis tempo para acabar cobrando pensións menores. O feito de eliminar a posibilidade da xubilación anticipada aos 60 anos con 30 cotizados, como manteñen de momento as persoas pertencentes ao Réxime de Clases Pasivas, tamén repercutirá na creación de novos postos docentes. **Haberá menos xubilacións, estas produciranse máis tarde e, polo tanto, reduciranse as ofertas de emprego e a xente nova que queira entrar no sistema público de ensino, ou que agora mesmo xa é substituta, terá máis difícil ese acceso.**

Por todo isto, desde a CIG-Ensino lanzarase unha campaña informativa nos centros arredor da **defensa do sistema público de pensións como algo que nos afecta a todos e todas**, docentes en activo e tamén a quen aínda non é, así como á

sociedade en xeral que ficará máis empobrecida e que despois de aguantar anos de precariedade e inestabilidade non verá garantida a súa subsistencia con pensións dignas, alén de precisar calquera servizo social asistencial que estará fóra do alcance do seu peto, como é o caso do negocio das residencias e dos centros de día privados.

Nesta campaña tamén se dará conta da **enorme diferenza que existe entre as contías das pensións de incapacidade no Réxime Xeral da Seguridade Social con respecto ao de Clases Pasivas, arredor dun 20% menos**, outra perda de dereitos que non debe pasar desapercibida para o colectivo docente porque lle afecta tanto directa como indirectamente ás persoas coas que conviva ou que estean ao seu cargo de verse ante unha situación deste tipo.



Demandas da CIG para unhas pensións dignas no ensino público

A CIG-Ensino mantén como obxectivo principal conseguir o dereito indefinido á xubilación anticipada para todo o persoal docente, tanto para quen aínda mantén ese dereito (Clases Pasivas) como para quen xa non conta con el. A continuación detállanse as nosas principais propostas:

- ⦿ Restabelecemento do dereito á xubilación anticipada con carácter indefinido para todo o profesorado, independentemente do réxime de cotización ou situación administrativa.
- ⦿ O profesorado que teña 60 anos de idade e 25 anos de servizo terá dereito a percibir as gratificacións que corresponda por xubilación anticipada.
- ⦿ Negociación dun acordo coa Consellaría para que o profesorado que opte pola xubilación anticipada perciba unha gratificación que, sumada á pensión que reciba, sexa equivalente ás retribucións que percibiría de estar en activo até os 65 anos.
- ⦿ Xubilación obrigatoria aos 65 anos de idade ou até acadar os anos necesarios de cotización para percibir a pensión máxima correspondente ao seu corpo.
- ⦿ As prazas que queden vacantes como consecuencia da xubilación anticipada non serán amortizadas e ofertaranse nas seguintes oposicións e concursos de traslados.
- ⦿ Mellora das actuais pensións. Dereito a percibir o 100% do haber regulador con 30 anos de servizo, no horizonte de atinxir unha xubilación co 100% de todas as retribucións.



SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal